



“ROSALÍA SEMPRE VIVA”



Outeiro de Rei, 7 de marzo de 2026

A Casa-Museo Manuel María convoca o Concurso de recitado de poesía destinado ao alumnado de ensino non universitario sobre poemas de Rosalía e Manuel María.

BASES

1.- OBXECTIVO

Este concurso ten como finalidade a potenciación da expresión oral e a creatividade do alumnado a través do coñecemento e recitado da obra de Rosalía e de Manuel María.

2.- PERSOAS DESTINATARIAS

O concurso ten carácter individual e vai destinado a todo o alumnado galego de Educación Primaria, Educación Secundaria, Bacharelato e Ciclos Formativos.

3.- CATEGORÍAS

Estabelécense as seguintes categorías:

Primeira categoría: 1º, 2º e 3º curso de primaria.

Segunda categoría: 4º, 5º e 6º de primaria.

Terceira categoría: Educación secundaria, Bacharelato e Ciclos Formativos.

4.- FASES

Contémplanse dúas fases:

• Fase de centros:

a) Será organizada por cada centro aténdose unicamente ás bases e condicións que cada un deles establecer.

b) Cada centro seleccionará, para a súa participación na segunda fase, un máximo de 2 alumnos/as para a categoría 1 e 2, e un máximo de 3 alumnas/os para a categoría 3.

• Fase final:

a) Nesta fase participarán aqueles/as alumnos/as que foren seleccionados/as na primeira fase.

b) Consistirá no recitado de memoria de unha única poesía escollida libremente de entre a obra en galego de Rosalía ou de Manuel María.

c) Valorarase a autenticidade e naturalidade do recitado, ton, timbre, ritmo, pausas, dicción, inflexión da voz e expresividade. Tamén se valorará a súa memorización e o seu nivel de dificultade.

5.- PRAZOS

1. Os centros participantes deberán facer a súa preinscrición antes do día 26 de xaneiro de 2026. Pódeno facer por correo electrónico en contacto@casamuseomanuelmaria.gal. A Casa-Museo confirmará ao centro a recepción da solicitude.

2. En función do número de preinscritos, a organización comunicará aos centros o número de alumnos/as que poden participar na fase final en cada unha das categorías.

3. Os centros deberán comunicar á Casa-Museo antes do día 20 de febreiro de 2026 o nome dos/as alumnos/as que participan en cada categoría e o poema que recitarán.

6.-FASE FINAL

A fase final celebrarase na Casa-Museo Manuel María (Outeiro de Rei – Lugo) o sábado 7 de marzo.

7.-O XURADO

a) O xurado estará composto por tres persoas alleas aos centros participantes con experiencia nestas actividades. Ademais actuará como secretaria, sen voz e sen voto, unha persoa representante da Casa-Museo Manuel María.

b) O xurado emitirá o ditame o mesmo día da celebración do concurso e terá un carácter inapelábel.

8.-PREMIOS

a) Os premios na primeira fase, caso de os haber, serán determinados e patrocinados por cada centro.

b) Na segunda fase concederanse un premio para cada unha das categorías 1 e 2 e dous premios para a categoría 3. Os premios serán unha tablet para as persoas gañadoras e un lote de libros para os centros que representan.

Alén disto, cada unha das persoas gañadoras recibirán un diploma individual que acredite o premio.

c) O xurado poderá conceder Mencións Honoríficas a aquelas persoas participantes que considerar oportuno, recibindo neste caso os/as galardoados/as un pequeno lote de libros.

d) Todos e todas as concursantes da fase final recibirán un diploma acreditativo de teren participado no Concurso.

9.-OUTROS REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA FASE FINAL

a) Cada persoa participante deberá enviar a autorización de pais/nais ou titores/as legais para a filmación da proba e posterior divulgación.

b) O acompañamento do alumnado participante e a súa custodia na fase final correrá por conta das súas familias ou titores/as legais.

A participación no concurso leva consigo a aceptación destas bases.